

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 26 de xuño de 2026.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

**DÍA:** 26 de xuño de 2026  
**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*  
**LUGAR:** Salón de Plenos do Pazo Provincial

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

#### **I. PARTE RESOLUTIVA (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)**

##### **1. 2026/6A/PLENO PRESIDENCIA**

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de maio de 2026.

##### **2. 2026/10279J PRESIDENCIA**

Cambio de data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial correspondente ao mes de xullo de 2026.

##### **3. 2026/8460D PRESIDENCIA**

Reversión do dereito real de uso da finca "O Caudillo" (Centro de Educación Ambiental e Albergue "As Corcerizas") a favor do Concello de Vilar de Barrio.

#### **4. 2026/10227F PRESIDENCIA**

Aprobación do expediente número 6/2026 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

#### **5. 2026/271V PRESIDENCIA**

Recoñecemento extraxudicial de créditos 2026.

#### **6. 2026/6751W PRESIDENCIA**

Aprobación da Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense, do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, do Consorcio Provincial do Servizo Contra Incendios e Salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras correspondente ao exercicio 2025.

#### **7. 2024/10252V PRESIDENCIA**

Aprobación da addenda de prórroga ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Gudiña para o financiamento e execución das obras de "construción fogar residencial".

#### **8. 2024/10255C PRESIDENCIA**

Aprobación da addenda de prórroga ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Laza para o financiamento e execución das obras de "construción dunha residencia de maiores".

#### **9. 2024/10256K PRESIDENCIA**

Aprobación da addenda de prórroga ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Piñor para o financiamento e execución das obras de "construción residencia de maiores e coordinación e dirección de obra"

#### **10. ASUNTOS DE URXENCIA**

## **II. PARTE DE CONTROL (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)**

#### **11. 2026/10062A PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Popular para o impulso das infraestruturas estratéxicas e da captación de investimentos para o desenvolvemento industrial da provincia de Ourense.

#### **12. 2026/10282Q PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Socialista para a adaptación dos servizos de transporte público por estrada á oferta ferroviaria vixente na Estación A Gudiña – Porta de Galicia.

#### **13. 2026/10302J PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Socialista para a execución dos tramos pendentes da ronda leste A-52/A-76 e un acceso viario real e efectivo ao Polígono Industrial de San Cibrao.

#### **14. 2026/10287K PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Provincial do BNG sobre o papel da provincia de Ourense como xeradora de enerxía eléctrica, a falta de industria e a necesidade de reverter a recadación hidroeléctrica nos concellos afectados.

#### **15. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

- Dación de conta da relación de decretos do mes de maio de 2026.
- Plan anual de control financeiro do ano 2026.

#### **16. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.